

Estimados pais e nais:

Un ano máis, como é costume, imos colaborar con **AFAN** na recollida de alimentos destinados aos nosos vecinos e veciñas vigueses que atravesan unha situación difícil. Este ano a situación é moi alarmante debido a pandemia e precisan da nosa axuda máis que nunca. A vosa colaboración de cada ano é exemplar e non recibimos máis que mostras de fonda gratitude das persoas encargadas de distribuír as axudas.

Aqueles que o desexedes, poderedes traer os alimentos o **xoves 17 e o venres 18 de decembro**. É importante que sexan eses días para que a organización faga a recollida. O alumnado levará os alimentos ao ximnasio en canto cheguen á escola (no caso de primaria e ESO). En Infantil será o profesorado o encargado de recollelo.

Podedes traer calquera destes alimentos:

Conservas, legumes, pasta, arroz, fariña, maicena, aceite, cacao, leite condensada, mel, zucre, doces, marmelos (mermelada)...

Se queredes traer outro alimento, incluídas lambetadas, con data de caducidade a longo prazo, podedes facelo.

Grazas, unha vez máis, pola vosa colaboración.